



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica A Coruña

Teléfono 981183969 – Fax 981183679

Email coruna@cigtelefonica.com

www.cigtelefonica.com

Máis destrución de emprego en Atento

Un ERE inxustificable e un referendo trampulleiro

Atento é unha empresa que segue declarando grandes beneficios, a CIG ten informado que a documentación aportada pola empresa non cadra cos datos presentados pola mesma diante da prensa económica, todo fai indicar que se falsearon os datos para tratar de xustificar o ERE. Había pois moitas posibilidades de que o ERE fose declarado nulo nos xulgados como ten pasado con moitos EREs nos últimos meses.

Atento segue tendo beneficios millonarios e segue ofertando contratos cada vez máis precarios, aínda así presenta un ERE para desfacerse de case 700 traballadores dun cadro de persoal duns 9.000 en todo o Estado español. A selección dos traballadores e traballadoras afectadas tampouco foi con criterios obxectivos, mais ante este panorama obtiveron o aval de CCOO, UGT e FASGA (Córdoba) para que o ERE sexa pactado e non se presente como forzoso e sen acordo da representación dos traballadores.

O pasado 29 de xullo CCOO e UGT indican que non asinarán o ERE pois a empresa non puido acreditar as causas económicas, organizativas e produtivas que o xustificuen, dous días despois asinan un preacordo e convocan un referendo trampa só para os afectados polo ERE.

Dende o primeiro momento da negociación a cousa foi por moi mal camiño, excluíron da mesa negociadora aos sindicatos CIG e ELA (Euskadi). Ante esta situación a CIG denunciou o caso no SIMA (Servizo de Mediación e Arbitraje) e este organismo acordou dar o caso por rematado se a CIG era convidada á seguinte reunión mais isto non aconteceu. Non nos permitiron asistir nin como oíntes (sen voto) e tampouco nos facilitaron as actas.

Para acabar de rematala convocan un referendo pero só entre as persoas afectadas e só para votar se queren a última proposta da empresa ou os 20 días por ano que impoñerían en caso de falta de acordo. Non deixaron a opción de votar contra o ERE e loitar para tomalo intentando, por exemplo, que fose declarado nulo no xulgado.

Aínda con este referendo trampa, as votacións non se fixeron con garantías na meirande parte dos centros. Na Coruña, todos os sindicatos puideron estar presentes na mesa de votación despois de chamar á Inspección de Traballo, pretendían que só estivesen CCOO e UGT, a propia Inspección indicou que se chamase a policía para levantar acta de atestados. Para evitar este conflito a empresa accedeu a que todos os sindicatos puidesen ter presenza na mesa de votación dándolle un mínimo de garantías á mesma.

O resultado das votacións a nivel estatal foi 445 a favor e 93 en contra dun total de 672 votos mais non temos garantías de que as votacións se fixesen como é debido. Na Coruña votaron 42 dos 46 afectados polo ERE e 25 dixeron que NON, os outros 17 votaron que si.

Con este paripé de referendo, realizado sen control por parte da totalidade da representación dos traballadores e traballadoras na maior parte dos centros, pensan xustificar un ERE que destrúe emprego a esgalla e deixa ao cadro de persoal sen garantías de futuro.

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

A Coruña 12 de agosto de 2014